



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE XESTOR/XESTORA DE CONTIDOS E SOPORTE DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE DE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2020, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO CUARTO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 08 de xuño de 2021, para proceder á cualificación do cuarto exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, consistente na redacción de un ou varios supostos prácticos relativos ás tarefas ou funcións propias da súa subescala e categoría (xestor de contidos e soporte de administración electrónica), determinado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, durante un tempo máximo de dúas horas, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base cuarta, alínea d) das bases específicas, os aspirantes aprobados obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS		NOME	PUNTUACIÓN
GÓMEZ	LÓPEZ	ROI	7
FERNÁNDEZ	VILLAR	CARLOS	5,5
ALONSO	PÉREZ	SAMUEL	5

De conformidade co disposto na base cuarta, alínea d), das bases específicas, este exercicio puntuouse de cero (0) a dez (10) puntos, sendo preciso para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O criterio esencial desta proba foi a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán achegalas tamén, por fax (886212843), no mesmo día da súa presentación, para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando aos candidatos que o superaron para a realización do quinto exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio, consistente nunha proba de coñecemento práctico a nivel de usuario de contorna operativa Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades elementais de internet en dita contorna (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o tribunal, **o mércores, día 16 de xuño de 2021, ás 12:00 horas, na Sala Rons, sita no primeiro andar do edificio municipal Casa Azul, na rúa de Sor Lucía.**

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria do tribunal

